

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15620 *Lei 30/2011, do 4 de outubro, sobre a creación do Consello Xeral de Economistas (unificación das organizacións colexiais de economistas e de titulares mercantís).*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ámbito económico e empresarial confluíu historicamente en España a actividade profesional de dúas grandes corporacións profesionais, a dos economistas e a dos titulares mercantís. Os primeiros –titulados nas facultades de ciencias políticas e económicas, de ciencias políticas, económicas e comerciais e ciencias económicas e empresariais– e os segundos –titulados nas escolas de comercio e nas escolas universitarias de estudos empresariais– desenvolveron durante anos as súas funcións no sector público, no ámbito académico, na empresa, mediante o exercicio libre e ante os xulgados e tribunais de xustiza, desde a súa integración separada e independente nos seus respectivos colexios. Cada organización colexial levou a cabo as súas propias actividades de formación e perfeccionamento, os seus propios rexistros de auditores, asesores fiscais, de asesores financeiros, de expertos contables-xudiciais e forenses, o que multiplicou esforzos e recursos no mesmo ámbito de actividade.

A supresión dos seus respectivos consellos xerais e a creación dun novo que agrupe os intereses de todos estes profesionais é froito dun longo proceso de acordo entre os respectivos órganos de goberno e mesmo entre os propios colexiados. Prodúcese baixo a premisa dunha máis idónea articulación da representación e defensa dos intereses dos seus membros; tamén en beneficio da sociedade a que se deben e á cal prestan os seus servizos. Con este novo Consello Xeral alcanzarase unha maior eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos que debe cumprir como corporación de dereito público, non soamente polo aforro de medios e recursos ou a redución de custos, na liña establecida pola Directiva de servizos e a transposición que desta se fixo principalmente mediante a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, senón tamén polas vantaxes derivadas da existencia dunha única interlocución das profesións económicas ante as administracións públicas. E, sobre todo, a unificación suporá un mellor servizo á ordenación e desenvolvemento da economía en xeral e da empresa en particular, así como aos consumidores e usuarios.

Este novo Consello Xeral servirá de apoio aos procesos de unificación das corporacións colexiais territoriais, de acordo co artigo 4 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, respectando o dereito de se colexiaren daqueles que no momento da entrada en vigor desta lei teñan ese dereito en calquera das dúas corporacións colexiais -a de economistas ou a de titulares mercantís- e tamén se poderán colexiar no futuro aqueles que posúan un título universitario no campo da economía ou da empresa.

En todo caso, a creación deste novo Consello Xeral e os procesos de unificación das corporacións colexiais que se poidan levar a cabo en nada afectarán as funcións profesionais que, se for o caso, teñan recoñecidas estes titulados.

En consecuencia, e de acordo co previsto na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, resulta procedente constituír mediante esta lei o correspondente Consello Xeral de Economistas e suprimir o Consello Xeral de Colexios de Economistas de España e o Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de España, así como establecer

as bases para impulsar a unificación dos consellos autonómicos e dos colexios de economistas e titulares mercantís, de acordo co previsto na normativa autonómica aplicable.

Artigo 1. *Creación.*

1. Créase o Consello Xeral de Economistas como corporación de dereito público que terá personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins consonte a lei.

2. O Consello Xeral de Economistas representa todos os colexios de economistas e colexios de titulares mercantís que ata agora pertencían ao Consello Xeral de Colexios de Economistas de España e ao Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de España, respectivamente e, así mesmo, representa nos ámbitos estatal e internacional os intereses dos economistas e titulares mercantís.

Artigo 2. *Relacións coa Administración xeral do Estado.*

O Consello Xeral de Economistas relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Economía e Facenda.

Artigo 3. *Unificación de colexios e consellos autonómicos.*

1. Os procesos de unificación dos consellos autonómicos de colexios de economistas e os de titulares mercantís, así como os procesos de unificación dos colexios de economistas e os colexios oficiais de titulares mercantís rexeranse polo disposto na lexislación estatal ou autonómica aplicable sobre colexios profesionais a que estean suxeitos.

2. Os colexios e os consellos autonómicos de colexios de economistas e os de titulares mercantís promoverán a súa unificación ante a comunidade autónoma correspondente de acordo co previsto na normativa autonómica aplicable.

3. O Consello Xeral de Economistas instará e apoiará os consellos autonómicos e os colexios de economistas e os de titulares mercantís para que inicien e desenvolvan os seus procesos de unificación.

4. Tras a entrada en vigor desta lei, todos os colexiados terán iguais dereitos e obrigas.

Disposición transitoria primeira. *Comisión Xestora.*

1. Dentro do mes seguinte á entrada en vigor desta lei reuniranse separadamente os plenos do Consello Xeral de Colexios de Economistas e do Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís para designaren unha comisión xestora que instará e apoiará o proceso de unificación durante o período transitorio, e que estará formada por vinte e cinco membros, nomeados quince polo primeiro e dez polo segundo.

2. O presidente desta Comisión Xestora será quen ocupe a presidencia do Consello Xeral de Colexios de Economistas de España no momento de entrada en vigor desta lei, e o vicepresidente, quen ocupe a presidencia do Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de España no momento de entrada en vigor desta lei.

3. A Comisión Xestora elaborará, no prazo de dous anos, contados desde a entrada en vigor desta lei, uns estatutos provisionais reguladores dos órganos de goberno do Consello Xeral de Economistas, nos cales se deberán incluír as normas de constitución e funcionamento dos ditos órganos, con determinación expresa da competencia independente, aínda que coordinada, de cada un deles. Para a súa aprobación requirirase a maioría de dous terzos do número legal dos membros da Comisión Xestora.

4. Os estatutos provisionais remitiranse ao Ministerio de Economía e Facenda, que verificará a súa adecuación á legalidade e ordenará, se é o caso, a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición transitoria segunda. *Constitución do Consello Xeral de Economistas.*

1. O Consello Xeral de Economistas quedará formalmente constituído e adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar no momento en que se constituán os

seus órganos de goberno conforme o previsto nos estatutos provisionais a que se refire a disposición transitoria primeira.

2. Tras a constitución formal do Consello Xeral, de acordo co previsto no número anterior, quedarán disoltos o Consello Xeral de Colexios de Economistas de España e o Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de España.

3. No prazo máximo de seis meses desde a súa constitución, o Consello Xeral de Economistas elaborará os estatutos definitivos de acordo co previsto no artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, que serán sometidos á aprobación do Goberno a través do Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición transitoria terceira. *Patrimonio e persoal dos Consellos Xerais disoltos.*

1. O patrimonio e o persoal do ata agora existente Consello Xeral de Colexios de Economistas de España e do ata agora existente Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de España incorporaranse ao Consello Xeral de Economistas.

2. O Consello Xeral de Economistas subrogarase nos dereitos e obrigas, así como nos arrendamentos de inmobles do ata agora existente Consello Xeral de Colexios de Economistas de España e do ata agora existente Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de España.

Disposición adicional única. *Aspectos fiscais.*

1. Á creación do Consello Xeral de Economistas e a todas as demais unificacións que se produzan como consecuencia desta lei seralles de aplicación o réxime especial regulado no capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

2. As operacións anteriores estarán suxeitas á modalidade de operacións societarias do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, con aplicación do previsto nos números 10 e 11 da letra B) da epígrafe I do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

O Goberno, mediante real decreto, por petición dos colexios correspondentes e logo de consulta ás comunidades autónomas afectadas, poderá acordar a unificación ou segregación dos colexios de economistas e os colexios de titulares mercantís cando o seu ámbito territorial sexa supraautonómico.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO